

**EXERCICIOS DE RECUPERACIÓN 1ª AVALIACIÓN  
CCSS, XEOGRAFÍA E HISTORIA  
2º ESO  
IES VIRXE DO MAR (NOIA)**



**INDICACIÓNS**

Aquí tes os exercicios de Recuperación. Para facelos debes escribir nun folio os títulos (exemplo A CIVILIZACIÓN ROMANA) e copiar o enunciado da pregunta e escribir a resposta; mellor a lápiz por se hai algún erro que haxa que corrixir. Os enunciados nunha cor e as repostas noutra cor. Aquelas preguntas que sexan de unir con frechas, colocar nomes nunha foto ou completar un texto podes facelas nas follas do exercicio. Son bastantes preguntas, pero moitas son curtas. Deixa espazos entre resposta e resposta

Moi importante

**Para facelas debes empregar os apuntes e o libro**, se tes dúbidas. Non precisas buscar máis información en internet.

Deberás entregar este **cuadernillo e os folios** que escribas á volta das vacacións. Día 8 de xaneiro. Se tes algúnha dúbida podes escribir ao meu correo

## CIVILIZACIÓN GREGA



---

- 1.- Onde xorde a civilización grega? Cales son as tres etapas nas que se divide esta civilización?
- 2.- Quen se enfrontou nas Guerras Médicas? En que etapa ocorre?
- 3.- Cal é o Mar que está no centro da Civilización grega?
- 4.- Que significa que os gregos se estenderon polo Mediterráneo?
- 5.- Que é unha polis? Pon dous exemplos
- 6.- Sinala cales son as tres actividades económicas principais dos gregos? Cal predomina?
- 7.- A que etapa pertence Alexandre Magno e que importancia ten
- 8.- En que etapa é máis esplendorosa a polis de Atenas
- 9.- Como se chama o sistema político que nace en Grecia? En que consiste?
- 10.- En que século comeza o Helenismo? Cando remata a civilización grega? Quen os conquista?
- 11.- Quen se enfrontou nas Guerras do Peloponeso?
- 13.- Que é unha acrópole? Cal coñeces e que edificios importantes hai nela?
- 14.- Como se chamaba a Liga que se creou en Atenas para unirse as polis gregas?
- 15.- debuxa a planta dun templo grego e coloca o nome das tres partes
- 16.- Cales son as tres ordes arquitectónicas que nacen en Grecia?

## CIVILIZACIÓN ROMANA

---

- 1.- Indica as tres etapas nas que se divide a civilización romana cos séculos
- 2.- Cales eran os tres organismos cos que se gobernaba na segunda etapa da historia de Roma e que función tiña cada un.
- 3.- Quen eran os patricios? E os plebeios?
- 4.- Cal é a época máis esplendorosa da Historia de Roma e a que se debe?
- 5.- Que pasou ao final da civilización romana? Desde cando se produce? Antes ou despois de Cristo?
- 6.- Nome e función. Anota o que comentamos sobre el e a importancia destas construcións para os romanos



- 7.- Que importancia ten a data do ano 395?
- 8.- Por que é importante a data do ano 476? Que parte do Imperio acaba sendo derrotada?

## O INICIO DA IDADE MEDIA

---

### 1.-Pon diante do recadro o nome da etapa da Historia que corresponda

Período que vai desde o descubrimento de América ata a Revolución Francesa

Período que vai desde a caída do Imperio Romano de Occidente ata o Descubrimento de América

Período que vai desde A Revolución Francesa ata os nosos días

Período que vai desde a aparición da escritura ata a caída do Imperio Romano de Occidente (civilizacións grega e romana.....)

## OS POBOS XERMÁNICOS

---

### 1.-Sitúa no mapa onde se instalaron estes pobos xermánicos coa trama que teñan diante

Francos



Suevos



Vándalos



Ostrogodos



## 2-Rodea cun círculo as respostas correctas sobre a organización dos xermanos

As sociedade xermanas eran de carácter                      rural      urbana  
A maioría da poboación estaba formada por              guerreiros      campesiños  
A maioría da poboación vivía                                      cidades      aldeas  
A principal fonte de riqueza era                                      gando      terra

## 3.-Explica a importancia destes conceptos : que son, a que mundo pertence e por que foron importantes

Batalla Campos Catalaúnicos	
Monarquía electiva	
Atila	
Rómulo Augústulo	

## 4- Coloca sobre esta imaxe as características principais da arquitectura visigoda ( xermánica). Pon nomes e flecha que sinala o nome que indicas



## 5.-Describe como era a sociedade xermana

## OS FRANCOS

---

1. Onde estaban instalados os francos?
2. Quen son Carlos Martel e Pipino o Breve
3. Que importancia ten Carlomagno? Capital?
4. Como se chamaban os funcionarios que traballaban para el dirixindo as marcas e vixiando ?
5. Chegou a ser emperador ou foi sempre emperador?
6. Que é o Tratado de Verdún? En que consistiu e cando?

## O IMPERIO BIZANTINO

---

- 1.-Desde que século ata que século se estende este imperio? Cando aparecece? Cal vai ser a súa capital?
- 2.-Cita as tres actividades económicas principais do Imperio Bizantino. Eran máis ou menos prósperos que os reinos xermánicos? Por?
- 3.-Por que é importante a data 1054?
- 4.- Quen é o basileus?
- 5.-Quen é o patriarca?
- 6.- Que fixo importante Xustiniano? Con que soñaba? A quen derrotou?

## O ISLAM

---

1.- Responde a estas cuestións:

- a) Cando e onde tivo lugar a orixe do Islam?
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- b) Explica como é o lugar desde o punto de vista xeográfico: cales son os límites, clima, como viven os habitantes que había, que relixión tiñan
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- c) Que importancia ten a hégira?
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- d) Por que se produciu a hégira?
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- e) Que imperio acabou antes o islámico ou o bizantino?

2.- Define estes conceptos

MIHRAB \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

MINARETE \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

QUIBLA \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

### 3-Completa estas frases sobre a arte do Islam

*A arte islámica era moi orixinal. Unha das manifestacións artísticas máis importantes foi a arquitectura.*

*A principal característica para facer as construcións era o uso de \_\_\_\_\_ como o \_\_\_\_\_ e o \_\_\_\_\_ pero a pesar diso a aparencia era moi rica. Parecían construcións luxosas.*

*Nos teitos adoitaban por \_\_\_\_\_ variadas. E, en canto aos arcos, os característicos eran os arcos de \_\_\_\_\_ e de \_\_\_\_\_ estes últimos que os copiaron dos \_\_\_\_\_.*

*A decoración era moi \_\_\_\_\_ e usaban tres tipos de motivos decorativos que eran \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_.*

*Outro elemento que empregaban era a \_\_\_\_\_ sobre todo nos pazos para que lles fixera pensar que estaban no paraíso.*

*A construción máis importante era a \_\_\_\_\_.*

### 4.- O imperio islámico tivo tres etapas (1pto)

a) cales son?

b) Explica o que ocorre na primeira e na última?

### 5.- Pon diante o nome que corresponda

A etapa final do Imperio islámico é \_\_\_\_\_

A cidade sagrada do Islam é \_\_\_\_\_

O libro sagrado do Islam é \_\_\_\_\_

A máxima autoridade islámica co poder político e relixioso é \_\_\_\_\_

Os encargados da xustiza son \_\_\_\_\_

A decoración con motivos xeométricos é \_\_\_\_\_ -



**6.-Indica se son verdadeiras ou falsas as frases seguintes (1pto)**

	<b>Na sociedade islámica conviven persoas de distintas relixións</b>
	<b>As cidades en Arabia situábanse na costa leste</b>
	<b>O emir era o encargado de impartir xustiza segundo as leis do Corán</b>
	<b>Medina foi a cidade onde se refuxiou Mahoma</b>
	<b>O Imperio musulmán estaba dirixido por un emperador</b>
	<b>O Islam é unha relixión politeísta</b>
	<b>A máxima autoridade relixiosa no islam é o patriarca</b>
	<b>Os sucesores de Mahoma son os emires</b>

**7.- Sinala os avances dos musulmáns en matemáticas, agricultura e química**

--oOo--